

PROXECTO LINGÜÍSTICO

DE CENTRO

**IES VALGA
CURSO 2015/2016**

ÍNDICE

1. Que é o Proxecto Lingüístico de Centro?	3
2. Lexislación vixente	4
3. O Proxecto lingüístico do IES VALGA	5
4. Principios básicos	6
5. Perfil sociolingüístico do centro	8
5.1. Profesorado	
5.2. Alumnado	
5.3. Persoal non docente	
6. Relación de materias por lingua na que se imparten	12
7. Medidas adoptadas para o alumnado que non ten o suficiente dominio das linguas	17
7.1. Principios e compromisos	
7.2. Protocolo de actuación	
7.3. Reforzo lingüístico	
7.4. Apoio escolar	
7.5. Plan de acollida	
8. Fomento do galego	30
8.1 Obxectivos xerais	
8.2 Liñas xerais de actuación	
9. Fomento do plurilingüismo e do respecto pola diversidade lingüística	35
9.1. Viaxes de estudo para a promoción do plurilingüismo	
9.2. Lectorados	
10. Tratamento integrado de linguas	38

1. Que é o Proxecto Lingüístico de Centro?

O Proxecto Lingüístico de Centro é un documento do centro, de carácter prescriptivo, onde se recollen todas aquelas cuestións, reflexións e decisións que gardan relación coas linguas, todas aquelas linguas que teñen algunha presenza no centro educativo, tanto polo seu carácter ambiental como por seren linguas vehiculares dos contidos de ensino.

Entendémolo polo tanto como un Proxecto que abrangue a planificación lingüística no ámbito da comunidade educativa e que contempla dentro desta planificación as seguintes perspectivas:

- a) O galego en canto lingua propia de Galicia.
- b) O castelán e o galego en canto linguas ambientais de uso da comunidade educativa.
- c) O francés, inglés e portugués en canto linguas estranxeiras impartidas no centro.
- d) O inglés en canto lingua vehicular de contidos non lingüísticos.

Esta planificación está baseada fundamentalmente nas seguintes achegas:

- a) Análise da situación sociolingüística do centro por entender que unha correcta planificación ten que estar asentada no coñecemento previo desta situación.
- b) Lexislación vixente que afecta ás linguas no sistema educativo.
- c) A observación e diagnóstico feito polos membros da comisión redactora deste documento, conformada por tódolos xefes de departamento de linguas do centro.
- d) As opinións do claustro de profesores, sondeadas a través dun inquérito lingüístico.
- e) O asesoramento do Departamento de Orientación, especialmente naquelas cuestións que gardan máis relación coa acollida e o reforzo lingüístico.
- f) O asesoramento do equipo directivo do centro.

Os obxectivos fundamentais que se perseguen a través deste documento son os seguintes:

- a) Coñecer cal é a situación sociolingüística do centro, atendendo tanto ao coñecemento coma ao uso e ás actitudes lingüísticas de todos os membros da comunidade educativa: pais/nais, profesorado, alumnado e persoal non docente

b)Coñecer cal é realidade lingüística do centro, atendendo fundamentalmente á presenza, reparto e programacións lingüísticas

c)Fixar uns principios básicos xerais que constitúan o que podemos chamar “a filosofía lingüística” do centro e que sexan no futuro os que inspiren calquera acción que se emprenda en materia lingüística no ámbito do mesmo

d)Procurar a máxima coherencia posible nas actuacións e/ou decisións lingüísticas emprendidas con independencia do órgano ou departamento que as tome

e)Coordenar na medida do posible as actuacións de tódolos departamentos de linguas do centro

f)Implicar a tódolos departamentos do instituto nun compromiso coa competencia lingüística do alumnado

g)Coordenar o traballo dos departamentos de linguas co departamento de orientación, especialmente nos campos onde esta colaboración se fai especialmente necesaria

h)Coordenar o traballo dos departamentos de linguas coa biblioteca do centro

2. Lexislación vixente

Para a redacción do presente Proxecto Lingüístico de centro, tivéronse en conta os seguintes textos legais que constitúen a actual lexislación vixente que afecta á materia de linguas nos centros de ensino secundario de Galicia das características do IES Valga:

Lei 3/1983 de normalización lingüística do 15 de xuño(D.O.G.14/07/83)

Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.

ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

ORDE de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación

3. O Proxecto Lingüístico de Centro do IES VALGA

O documento base do Proxecto Lingüístico do IES Valga foi elaborado ao longo do curso 2011/2012 por unha comisión constituída por tódolos Xefes/as de Departamento de linguas. As liñas de contido fundamentais que serán atendidas no mesmo xiran ao redor dos seguintes núcleos:

-Principios básicos

-Perfil sociolingüístico do centro

-Reparto lingüístico de linguas vehiculares por materias impartidas

-Atención á diversidade:

a) Plan de acollida

b) Reforzo lingüístico

c) Programa de Mellora e Aprendizaxe (PMAR)

-TIL: tratamento integrado de linguas

Previo á súa redacción a comisión elaborou enquisas para obter datos que nos permitisen valorar e ponderar convenientemente as nosas afirmacións e propostas. Os modelos dos tres

tipos de enquisa que se elaboraron (alumnado, profesorado, persoal non docente) inclúense como anexos ao final deste PLC.

A nosa filosofía de partida á hora de elaborar as enquisas é entender o PLC, como xa dixemos máis arriba, como un documento “de máximos” onde caiban todas as cuestións que gardan relación coas linguas que teñan algunha presenza no ámbito da nosa comunidade educativa. Tentamos evitar con isto unha identificación do PLC cun documento que se limitase a planificar o fomento e uso da lingua galega por entender que tal cuestión é función do Equipo de Dinamización lingüística a través dos seus proxectos e memorias. Parecíanos igualmente equivocado centrar exclusivamente a planificación nas dúas linguas ambientais de Galicia, por crer que un dos nosos obxectivos básicos é o fomento e respecto pola diversidade lingüística e o plurilingüismo, e polo tanto iso debe esixir unha amplitude de miras que englobe outras linguas distintas das ambientais, ao tempo que asegure unha certa coherencia en calquera das actuacións lingüísticas que se desenvolvan no centro con independencia da lingua coa que se traballe e/ou use.

4. Principios básicos

Serán os seguintes:

- a)As linguas son instrumentos ao servizo da humanidade para o establecemento da comunicación

- b)Amais desta faceta instrumental cumpren unha función de identidade tanto individual como colectiva e polo mesmo un papel destacado de cohesión social

- c)Todas as linguas son igualmente válidas e merecen o mesmo respecto e consideración

- d)Polo mesmo, concordamos coa máxima de que as linguas suman, e facémolo por tres razóns:
 - o coñecemento de linguas supón un enriquecemento persoal e cultural
 - o coñecemento de linguas vai da man do respecto pola diversidade lingüística e cultural e a aceptación do “outro”
 - o coñecemento de linguas amplia as posibilidades de mobilidade e oportunidade dentro do mercado laboral

e) Todo o profesorado de linguas do centro, con independencia da súa lingua de traballo, debe contribuír á adquisición dunha competencia lingüística plurilingüe, tal e como a describe o Marco Europeo Común de Referencia:

“O concepto de plurilingüismo é diferente ao de multilingüismo. O multilingüismo é o coñecemento de varias linguas ou a coexistencia de distintas linguas nunha sociedade determinada. Pódese conseguir simplemente diversificando as linguas que se ofrecen nun centro escolar ou nun sistema educativo concretos, procurando que os alumnos aprendan máis dun idioma estranxeiro, ou reducindo a posición dominante do inglés na comunicación internacional. En cambio, o enfoque plurilingüe céntrase no feito de que conforme se expande a experiencia lingüística dun individuo nos ámbitos culturais dunha lingua, desde a linguaxe familiar ata a da sociedade en xeral, e despois ata as linguas doutros pobos (xa sexan aprendidas na escola, na universidade ou por experiencia directa), o individuo non mantén estas linguas e culturas en compartimentos estritamente separados, senón que desenvolve unha competencia comunicativa á que contribúen todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas e na que as linguas se relacionan entre si e interactúan” (MCREL: 27)

“Desde esta perspectiva, a finalidade da educación nunha lingua queda profundamente modificada. Xa non se entende como o simple logro do “dominio” dunha ou dúas, ou mesmo tres linguas, cada unha considerada de forma illada, co *falante nativo ideal* como modelo fundamental. No canto disto, o obxectivo é o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que estean implicadas todas as capacidades lingüísticas.” (MCREL: 27)

f) O alumnado ao final do seu paso pola ensinanza obrigatoria debe ter un dominio similar de ámbalas dúas linguas oficiais na Comunidade Autónoma.

g) Amais, debe conseguir un umbral lingüístico en alomenos unha lingua estranxeira que lle permita desenvolverse con fluidez nas situacións e contextos de uso máis habituais dunha lingua.

5. Perfil sociolingüístico do centro

5.1.PROFESORADO

a)usos

4. LINGUA QUE USAS HABITUALMENTE							
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	SÓ ESP	PRE. ESP	ESP E GAL	PRE. GAL	SÓ GAL
NC	1	1					
SI	16		3	3	2	5	3
NON	31	1	2	9	6	7	6
TOTAL	48	2	5	12	8	12	9
%	100	4	10	25	17	25	19

5. LINGUA QUE USAS HABITUALMENTE NO CENTRO							
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	SÓ ESP	PRE. ESP	ESP E GAL	PRE. GAL	SÓ GAL
NC	1	1					
SI	16		2	3	3	4	4
NON	31	1	1	6	7	11	5
TOTAL	48	2	3	9	10	15	9
%	100	4	6	19	21	31	19

Dos datos da enquisa podemos deducir o seguinte:

- a) Castelán e galego son linguas de uso habitual entre o profesorado do centro nunha porcentaxe moi similar: o 35% din ter o castelán como lingua única ou preferente, mentres que o 44% afirman o mesmo para o caso do galego. Un 17% do total utilizan habitualmente e por igual castelán e galego
- b) En canto á lingua de uso habitual no centro, existen un leve aumento do uso do galego como lingua habitual única ou preferente, que pasa a representar o 50%, mentres que o castelán descende ata o 25% . O 21% din facelo nas dúas linguas por igual

6. LINGUA NA QUE IMPARTES AS CLASES								
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	SÓ ESP	PRE. ESP	ESP E GAL	PRE. GAL	SÓ GAL	OUTRAS
NC	1	1						
SI	16		6		1	2	4	3
NON	31	1	2	4	4	10	10	
TOTAL	48	2	8	4	5	12	14	3
%	100	4	17	8	10	25	29	6

7. LINGUA NA QUE PIDES OS TRABALLOS										
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	SÓ ESP	PRE. ESP	ESP E GAL	PRE. GAL	SÓ GAL	OUTRAS	INDIF	
NC	1	1								
SI	16		4		2		4	5	1	
NON	31	1		2	9	2	5	1	11	
TOTAL	48	2	4	2	11	2	9	6	12	
%	100	4	8	4	23	4	19	13	25	

Polo que respecta ao uso como linguas escolares dentro da aula e para desenvolver as actividades académicas, observamos o seguinte:

a) Existe un 54% de profesorado que emprega só galego ou preferentemente esta lingua dentro da aula como lingua de relación co alumnado, mentres que o 25% o fan só en castelán ou preferentemente en castelán.

b) Se observamos os resultados que gardan relación coa lingua das tarefas e dos traballos do alumnado, obsérvase que a maioría das respostas se concentran na opción *Indiferente* ou *Castelán e galego*

b) valoracións

14.1 HAI DIFICULTADES PARA EXPLICAR AS CIENCIAS EN GALEGO						
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	COMP DES	BAST DES	INDIF	BAS ACOR
NC	1	1				
SI	16	2	9	2	2	1
NON	31	3	12	5	9	2
TOTAL	48	6	21	7	11	3
%	100	13	44	15	23	6

14.2 A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece					
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	INDIF	BAS ACOR	COMP ACOR
NC	1	1			
SI	16			3	13
NON	31	1	1	4	25
TOTAL	48	2	1	7	38
%	100	4	2	15	79

14.3 O galego é unha lingua útil					
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	INDIF	BAS ACOR	COMP ACOR
NC	1	1			
SI	16			2	14
NON	31	2	1	11	17
TOTAL	48	3	1	13	31
%	100	6	2	27	65

Tras observar as respostas dadas polo profesorado ás tres preguntas que se recollen aquí, podemos concluír que existe un consenso amplo á hora de considerar que a adquisición de linguas é algo enriquecedor para a persoa, así como á hora de considerar o galego como unha lingua útil.

As respostas tamén parecen indicar que calquera prexuízo ligado a unha especialización do uso das linguas segundo as materias, considerando o galego non apto para as ciencias, está superado.

Deducimos xa que logo que existe unha clima ou predisposición favorable entre o profesorado do centro cara ao plurilingüismo e cara ao uso do galego como lingua vehicular en calquera materia

5.2.ALUMNADO

a)usos

ALUMNADO POR LINGUA QUE FALA NO CENTRO							
Curso	Total de Id	NC	Só Cast	Pred Cast	Cast e Gal	Pred Gal	Só Gal
NC	1					1	
1º ESO	62	1	1	4	14	16	26
2º ESO	48				7	18	23
3º ESO	61			2	6	29	24
4º ESO	37		1			15	21
1º BAC	43		1		3	14	25
2º BAC	17				1	5	11
PCPI	19			1	3	6	9
TOTAL	288	1	3	7	34	104	139
PORCENT	100	0	1	2	12	36	48

Ante as respostas do alumnado a estas dúas cuestións dedúcese que o perfil sociolingüístico do mesmo é claramente galegófono, dado que un 84% afirman usar só galego ou predominantemente galego no ámbito do centro e un 80% na súas casas.

ALUMNADO POR LINGUA NA QUE CONTESTA							
Curso	Total de Id	NC	Só Cast	Pred Cast	Cast e Gal	Pred Gal	Só Gal
NC	1					1	
1º ESO	62	2	5	1	14	15	25
2º ESO	48		2	2	11	12	21
3º ESO	61	2	2	3	12	15	27
4º ESO	37		1	3	5	16	12
1º BAC	43	2	1	1	4	16	19
2º BAC	17			2	1	8	6
PCPI	19		1	1	6	6	5
TOTAL	288	6	12	13	53	89	115
PORCENT	100	2	4	5	18	31	40

Do mesmo xeito, polo que fai referencia á lingua na que desenvolve as súas tarefas escolares e contesta os exames, existe unha ampla maioría (71%) que din facelo en galego ou predominantemente en galego

A conclusión xeral é que tanto os usos orais coma escritos do alumnado no centro se desenvolven fundamentalmente nesta lingua

b) valoracións

AS CIENCIAS PÓDENSE APRENDER EN GALEGO							
Curso	Total de Id	NC	DESACORDO	BAST.DESAC	INDIFER	BAST. ACOR	DE ACORDO
NC	1						1
1º ESO	62	1	3	1	15	6	36
2º ESO	48		3	1	7	8	29
3º ESO	61		1		9	17	34
4º ESO	37			1	9	7	20
1º BAC	43		1	1	5	6	30
2º BAC	17			1	3	2	11
PCPI	19			1	5	3	10
TOTAL	288	1	8	6	53	49	171
PORCENT	100	0	3	2	18	17	59

A ADQUISICIÓN DE DÚAS (OU MÁIS) LINGUAS ENRIQUECE							
Curso	Total de Id	NC	DESACORDO	BAST.DESAC	INDIFER	BAST. ACOR	DE ACORDO
NC	1						1
1º ESO	62	1		1	9	10	41
2º ESO	48		1	2	8	17	20
3º ESO	61	1	2	2	10	19	27
4º ESO	37				7	12	18
1º BAC	43	1			4	9	29
2º BAC	17				1	4	12
PCPI	19			3	6	3	7
TOTAL	288	3	3	8	45	74	155
PORCENT	100	1	1	3	16	26	54

O mesmo que sucedía no caso do profesorado, obsérvase entre o alumnado unha clara predisposición cara a unha valoración positiva da adquisición de linguas como un elemento enriquecedor na súa formación. Ao tempo, unha ampla maioría tampouco mostran prexuízos cara ao feito de que calquera materia pode ser impartida en lingua galega.

5.3. PERSOAL NON DOCENTE

Contestaron a enquisa un total de seis persoas pertencentes a este colectivo. Os resultados amosan o seguinte

a) usos

Formulábanse dúas cuestións con respecto a isto: cal é a súa lingua de uso habitual e cal é a súa lingua de uso habitual dentro do cento. As respostas son as seguintes:

- case un 67% (catro de seis) din ter o galego como lingua única ou predominante
- esta porcentaxe mesmo se incrementa na cuestión da lingua habitual no centro de traballo ata un 83% (cinco das seis persoas enquisadas)

Podemos concluír, ao igual ca no caso de profesorado e alumnado, que nos atopamos nun ambiente de traballo cun claro predominio galegoparlante.

b) valoracións

Con respecto ás valoracións, formulábanse tres cuestións para intentar observar a súa opinión con respecto ao plurilingüismo e os prexuízos en contra do galego:

-con respecto á primeira cuestión a pregunta formulada facía referencia a se a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece. Neste caso atopámonos unha resposta practicamente unánime de acordo absoluto (cinco das seis persoas)

-porén, polo que fai referencia á segunda cuestión, ante a pregunta de se se considera que o galego é unha lingua útil, atopamos menor unanimidade e as respostas divídense ao 50% entre aquelas persoas que están moi ou totalmente de acordo e aquelas outras que din mostrarse indiferentes (tres de seis persoas)

6. Relación de materias por lingua na que se imparten

No caso do **Programa de Mellora e Aprendizaxe (PMAR)** Para garantir unha distribución lingüística equilibrada , e dependendo do oferta e da organización dos mesmos, con carácter xeral a distribución horaria será é a seguinte:

-No Ámbito lingüístico social os bloques de contidos lingüístico impartíranse na lingua correspondente (Galego e Castelá). O Bloques de contidos de Xeografía e Historia será en galego.

-No ámbito científico e matemático os bloque de contidos de Matemáticas serán en castelán.

-No resto das materias será a que ven estipulada na distribución de carácter xeral para as materias da ESO.

Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

En secundaria as materias non marcadas pola lei seguirán este reparto:

- Educación Plástica e Economía en castelán.

-Música, Relixión/Valores, Educación Física, Tutoría

TIC, Latín, Cultura clásica, Iniciativa de actividades emprendedoras en galego

As materias de Libre Configuración da ESO impartiranse gardando o equilibrio establecido na lexislación vixente establecendose o seguinte reparto:

-Educación Emocional e Paisaxe e sustentabilidade: Galego

-Educación Financeira, Castelá

-Oratoria: Castelán e Galego

1º BACHARELATO

TRONCAIS	
Filosofía	Ed. Física
Galego	Castelán

TRONCAIS DE OPCIÓN , ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN					
ITINERARIO 1	ITINERARIO 2	ITINERARIO 3	ITINERARIO 4	ITINERARIO 5	ITINERARIO 6
Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Latín	Latín	Mat. Apl. CCSS
Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego
Física e química	Física e Química	Física e Química	Grego	Grego	Hª MC
Galego	Galego	Castelán	Galego	Galego	Galego
Debuxo Técnico	Bioloxía	Bioloxía	Literatura Universal	Hª MC	Economía
Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Galego	Castelán
TIC	TIC	Debuxo Técnico	Hª M.C/ Deu-xo Artístico	Debuxo Artístico/Economía	Literatura Universal/Debuxo Artístico
Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Cultura Científica	Cultura Científica	TIC /Cultura Científica	TIC/ Cultura Científica	TIC/ Cultura Científica	TIC/ Cultura Científica
Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Robótica	Robótica	Robótica	Robótica	Robótica	Robótica
Antropoloxía	Antropoloxía	Antropoloxía	Antropoloxía	Antropoloxía	Antropoloxía
Galego	Galego	Galego	Galego	Galego	Galego
Literatura Hispánica	Literatura Hispánica	Literatura Hispánica	Literatura Hispánica	Literatura Hispánica	Literatura Hispánica
Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán
Libre configuración	Libre configuración	Libre configuración	Libre configuración	Libre configuración	Libre configuración

ración	ración	ración	ración	ración	ración
Gal/ cast	Gal/ cast	Gal/ cast	Gal/ cast	Gal/ cast	Gal/ cast
Relixión	Relixión	Relixión	Relixión	Relixión	Relixión
Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán	Castelán

2º BACHARELATO

TRONCAL
Hº de España
Castelán

TRONCAIS DE OPCIÓN ES ESPECÍFICAS E LIBRE CONFIGURACIÓN		
Bacharelato de Ciencias	Bacharelato de Humanidades	Bacharelato de Ciencias Sociais
Matemáticas	Latín	Matemáticas Aplicadas ás C Sociais
Galego	Galego	Castelán
Física	Grego	Economía da Empresa
Galego	Galego	Castelán
Química	Economía da Empresa	Xeografía
Galego	Castelán	Galego
Bioloxía	Hª da Arte	Hº da Arte
Galego	Castelán	Castelán
Debuxo Técnico	Hª da Filosofía	Hº da Filosofía
Castelán	Galego	Galego
Xeoloxía	Xeografía	Grego
Castelán	Galego	Galego
TIC II	TIC II	TIC II
Castelán	Castelán	Castelán
Fundamentos de Xestión Administrativa	Fundamentos de Xestión Administrativa	Fundamentos de Xestión Administrativa
Castelán	Castelán	Castelán
Debuxo Artístico II	Debuxo Artístico II	Debuxo Artístico II
Castelán	Castelán	Castelán
Psicoloxía	Psicoloxía	Psicoloxía
Galego	Galego	Galego
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente		

Galego		
Métodos Estatísticos e Numéricos	Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia	Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia
Castelán	Galego	Galego
Filosofía da Ciencia e da Técnica	Xeografía e Historia de Galicia	Xeografía e Historia de Galicia
Galego	Galego	Galego
	Ética e Filosofía do Dereito	Ética e Filosofía do Dereito
	Galego	Galego
Libre Configuración	Libre Configuración	Libre Configuración
Galego	Galego	Galego
Relixión	Relixión	Relixión
Castelán	Castelán	Castelán

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

A distribución equitativa de idioma para a cumprir ca lexislación na Formación Profesional Básica será:

1º FP Básica

Módulos 1º - (MP3009)Ciencias aplicadas I Castelán
Módulos 1º - (MP3011)Comunicación e sociedade Unidades de Lingua Castelá: Castelá,
Unidades de Lingua Galega: Galego, Ciencias Sociais: Galego
Módulos 1º - (MP3020)Operacións básicas de fabricación Castelán
Módulos 1º - (MP3021)Soldadura e carpintaría metálica Galego
Módulos 1º - (MP3022)Carpintaría de aluminio e PVC Galego

2º FP Básica

Módulos 2º - (MP3019)Ciencias aplicadas II Galego
Módulos 2º - (MP3012)Comunicación e sociedade II Unidades Lingua Castelá : Castelán,
Unidades de Lingua Galega: Galego, Unidades de Ciencias Sociais: Galego
Módulos 2º - (MP3025)Montaxe de equipamentos de climatización Castelán
Módulos 2º - (MP3023)Redes de evacuación Castelán
Módulos 2º - (MP3024)Fontanaría e calefacción básica Galego

MATERIAS NOVAS DA ESO

A distribución será a seguinte: Cultura Científica , Artes Escénicas, Iniciativa de Actividades Emprendedoras e Matemáticas Aplicadas en castelán. Filosofía, Ciencias Aplicadas e Valores Éticos en galego.

Formación profesional.

CICLO MEDIO DE SOLDADURA E CALDEIRERÍA	
1º CURSO	
Interpretación gráfica	galego
Trazado, corte e conformado	castelán
Mecanizado	galego
Soldadura en atmosfera natural	galego
FOL	castelán
2º CURSO	
Metroloxía e ensaios	galego
Soldadura en atmosfera protexida	castelán
Montaxe	galego
Empresa e iniciativa emprendedora	castelán

CICLO SUPERIOR DE CONSTRUCCIÓN METÁLICAS	
1º CURSO	
Programación de sistemas automáticos	galego
Representación gráfica	galego
Deseño de construcións metálicas	galego
Procesos de mecanizado, corte e conformado	galego
FOL	castelán
2º CURSO	
Programación da produción	castelán
Xestión da calidade, riscos e protección ambiental	castelán

Definición de procesos	castelán
Procesos de unión e montaxe	galego
Empresa e iniciativa emprendedora	castelán

7. Medidas adoptadas para o alumnado que non ten o suficiente dominio das linguas

7.1. Principios e compromisos

As medidas de atención á diversidade terán como finalidade adaptar as respostas educativas a cada alumno/a para que poida acadar as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa que marca o currículo vixente, procurando (dende os principios básicos de inclusión e equidade) que a situación sociocultural ou a especial condición ou capacidade non chegue a supoñer discriminación que lle impida estes logros e a titulación correspondente.

Polo que respecta á competencia en comunicación lingüística, organizarase a atención á diversidade ao redor de dous eixos fundamentais:

a)alumnado con dificultades de aprendizaxe: as medidas posibles que se poderán adoptar neste caso son os agrupamentos flexibles, os desdobres, o reforzo (dentro da aula e fóra da aula), o apoio (dentro da aula e fóra da aula), programas de recuperación, Programa de Mellora e Aprendizaxe e as adaptacións curriculares

b)alumnado con especiais carencias lingüísticas por non ter un dominio de ningunha das dúas linguas ambientais que se falan en Galicia: o Plan de acollida, os grupos de adquisición de linguas

Dende os departamentos de linguas do centro mostramos o noso compromiso con tres principios básicos:


- a) a detección temperá das posibles dificultades
- b) a colaboración co Departamento de orientación do centro
- c) a planificación adecuada das medidas de atención á diversidade

A asunción destes principios irá acompañada das seguintes actuacións:

- a) polo que respecta á detección temperá, os departamentos de lingua e literatura galega e lingua e literatura española consensuarán unha proba de avaliación inicial para o alumnado que entra no centro (1º da ESO), coordinando tanto os seus contidos como os criterios de avaliación correspondentes. O obxectivo será emitir unha valoración conxunta sobre o dominio da competencia lingüística nas sesións de preavaliación que se celebran por volta do mes de outubro, coa finalidade de informar ao departamento de orientación sobre a detección de posibles dificultades e que esta proceda segundo o protocolo fixado.
- b) polo que respecta á colaboración co Departamento de orientación, ademais do xa descrito, os seminarios de Lingua e literatura galega e Lingua e literatura española comprométense no deseño de probas específicas de competencia lingüística que o Departamento de orientación poida implementar nunha segunda fase, así como de calquera outra que nos sexa requerida para tal fin, especialmente na elaboración das adaptacións curriculares que así se determinen.
- c) Polo que respecta á planificación adecuada das medidas de atención á diversidade, os departamentos de linguas comprométense á realización de reunións de departamento no derradeiro mes de cada curso onde se trate da planificación de tales medidas para o curso seguinte. A previsión de ditas medidas serán tanto de carácter ordinario (reforzo dentro e fóra da aula, desdobres, modificación de metodoloxías) como extraordinario (agrupamentos flexibles, apoios fóra da aula, adaptacións curriculares, grupos de

diversificación curricular) e serán presentadas para o seu debate na última CCP que se celebre ao longo do curso.

7.2. Protocolo de actuación



7.3. Reforzo lingüístico

O reforzo lingüístico terá dúas vertentes:

a) dentro da aula: será unha medida ordinaria de atención á diversidade que lle corresponde tomar ao profesorado de linguas que imparta no grupo correspondente. Entre as posibles accións están todas aquelas que non modifiquen os elementos prescritivos do currículo

(obxectivos, contidos e criterios de avaliación) e contribúan á adecuación do currículo ás características do alumnado, tales como: organización da aula, alteracións na secuenciación da programación didáctica, alteracións/innovacións na metodoloxía, adaptación nos instrumentos de avaliación e diversificación dos mesmos, etc.

b) fóra da aula: concréntanse no alumnado ao que se lle concede a **exención de francés** e durante ese período asiste a aulas de reforzo lingüístico. Recomendacións:

- O obxectivo xeral é mellorar a competencia linca. xeral do alumnado
- será impartido preferentemente por profesorado de calquera das dúas linguas ambientais
- Metodoloxía/ contidos xerais: Dende a comisión redactora do PLC propónse como documento de referencia a escala de niveis que se remite aos centros con motivo da avaliación de diagnóstico. Unha vez estudada e reelaborada, facemos a seguinte proposta de contidos xerais orientativos, con algúns exemplos do que se podería traballar tanto en lingua galega como castelá nesas horas, a fin de conseguir unha competencia lingüística xeral:

DESTREZAS AVALIABLES NOS ALUMNOS CON EXENCIÓN DE FRANCÉS

Co obxecto de unificar contidos e criterios de avaliación, séguese unha serie de orientacións para os profesores que impartan estas clases de Lingua, tendo en conta que estes poden proceder de Departamentos diversos. A programación orientarase a acadar as seguintes destrezas do alumnado:

1. Segue instrucións de secuencias sinxelas: interpreta textos prescriptivos académicos como por exemplo exercicios ou exames
2. Comprende vocabulario específico elemental: substantivo, adxectivo e verbo (é dicir, diferencia entes, cualidades e accións); sinónimo e antónimo; palabra, frase, oración e texto
3. Localiza, selecciona e organiza información, manexando 2 ou 3 fontes
4. Entende o sentido global dun texto. Distingue o nuclear do accesorio (sabe poñer un título, facer unha síntese)
5. Recoñece e sabe escribir secuencias de causa-consecuencia
6. Emprega conectores de orde, explicativos e de contraste

7. Identifica a linguaxe figurada
8. Sabe facer paráfrases e esquemas de textos sobre diferentes materias
9. Discrimina e compón textos narrativos e descritivos
10. Expressa xuízos propios con argumentos razoados
11. Elabora inferencias sobre datos explícitos
12. Escribe con: planificación e adecuación ao rexistro, ademais de

. cohesión (concordancias e boa utilización dos marcadores textuais e da deíxe), . coherencia (encadeamento axeitado das ideas, ausencia de contradicións)

. corrección (convencións ortográficas e de presentación: maiúsculas, signos de puntuación, marxes...)

7.4. Apoio escolar

Os apoios fóra da aula serán responsabilidade fundamentalmente da profesora de Pedagogía terapéutica, e, no caso concreto de alumnado de apoio en linguas, este seguirá as seguintes liñas xerais:

7.4.1 Marco teórico

A nivel **científico** pártese do Construtivismo como teoría de aprendizaxe e a Teoría da Aprendizaxe Social en canto ao crecemento persoal. Entre os fundamentos deste modelo está o afirmar que o alumno só aprende aqueles conceptos que constrúe ou que é quen de construír coa axuda doutros. Construción tanto no senso de proceso mental como de experiencia vital; cada novo coñecemento é un elo que se “engancha” nos elos dos coñecementos previos (ideas, hipóteses, preconceptos ou referencias sobre o tema) polo que é moi importante tomar como referencia a cultura á que se pertence.

A nivel **pedagógico** pártese do concepto de pedagogía compensatoria segundo o cal as necesidades educativas especiais se ven como axudas educativas necesarias para acadar a igualdade de oportunidades e non como déficits individuais, polo que se deseñará e organizará a aula ao albur do paradigma do Desenvolvemento potencial de Vigotsky .

A nivel **ideolóxico** pártese dos principios de normalización, integración escolar, sectorización e individualización que responden á idea de que a aprendizaxe ademais de ser un proceso de

crecemento persoal é tamén un proceso de socialización, que as axudas educativas se deben procurar alí onde se producen as necesidades e que serán consideradas como NEE as diferentes capacidades, os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses, situacións sociais, étnicas, de inmigración ou de saúde. Este plantexamento constitúe en si mesmo unha resposta á diversidade.

En canto ao desenvolvemento da COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

Pártese da premisa de que a linguaxe non só debe de considerarse como un medio de comunicación, senón que axuda á construción da identidade dende a súa función reguladora do pensamento e da conduta .

7.4.2.Obxectivos

Xerais:

- Promover o desenvolvemento das **capacidades cognitivas** que lles permitan superar as dificultades de aprendizaxe e lles permitan adquirir as diferentes competencias
- Incrementar a **Competencia lingüística** mediante a mellora da **comprensión lectora** que lle permita o acceso a outras áreas curriculares

Obxectivos específicos para incrementar a Competencia lingüística:

- Mellorar a articulación para mellorar a expresión de ideas cada vez máis complexas.
- Axustar o vocabulario e as claves de comunicación máis axeitadas para a idade e a capacidade.
- Traballar habilidades argumentativas orais e escritas.
- Desenvolver a conciencia fonolóxica e lexical.
- Incrementar a velocidade, a exactitude e a precisión lectoras.
- Estimular o gusto pola lectura.
- Conquerir un nivel de comprensión lectora que lle sirva como clave de acceso curricular ás outras materias.

7.4.3.Metodoloxía específica para o traballo lingüístico:

- Cambiando os códigos e canais de comunicación, metodoloxía multisensorial con apoios xestuais e visuais, ademais de verbais.
- Secuenciando as ordes para conseguir unha maior significatividade.
- Repetindo a información e/ou simplificando a mensaxe.
- Empregando sempre que sexa posible a técnica da anticipación da información.
- Variando os tempos e os ritmos para facilitar a experiencia de éxito e un autoconcepto positivo que facilite a aprendizaxe.
- En canto ás axudas, estas serán de encadeamento e esvaecemento paulatino.
- Instaurando maneiras máis sinxelas de organizar a información empregando técnicas de esquemas e mapas conceptuais configurando un método de traballo.
- Aproveitando a aprendizaxe sistemática e a incidental para incrementar a xeneralización.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ás aprendizaxes que faciliten ambientes de aprendizaxe en liña e afianzando o manexo da informática para desenvolver hábitos e estratexias de busca de información .
- Realización de controis persoais de erros lectores, inexactitudes, unións, separacións, e erros de entoación con gravacións
- Realizar un control persoal de inexactitudes, posicións, unións e separacións na escrita con plantillas
- Mellorar os procesos de atención e codificación coa realización de copias e ditados
- Construción e reconstrución de textos, detección de erros: comparar, clasificar, analizar, buscar rimas
- Lectura dos libros de lectura obrigada en alto con comentarios e opinións críticas e control das lecturas das materias pendentes e das recomendadas para o curso vixente.
- Traballo con diferentes textos e en diferentes formatos : descricións , narracións, poemas e xornais .Utilizar a análise como toma de decisións.
- Reforzamento do traballo da aula ordinaria completando as tarefas, realizando deberes ou preparando exames de pendentes.
- O traballo en equipo forzando ámbitos comunicativos.
- O traballo participativo: a colaboración con diferentes grupos (festivais, biblioteca, axenda 21, etc.) será un dos sistemas cos que se favoreceran o proceso de andamiaxe.
- Métodos de ensaio e erro para aprender a tolerar a frustración.
- Traballar o autocontrol emocional para incrementar o control da conduta expresiva.

7.4.4.Avaliación

Na observación directa e diaria valorarase a creación de textos , o grao de implicación do alumno/a no súa propia aprendizaxe, a realización das tarefas de lingua galega e castelá, a mellora do seu rendemento nas diferentes avaliacións que ten ao longo do curso nas materias de lingua galega, lingua castelá e idiomas, así como dos niveis de integración escolar valorados polo seu interese social, a comunicación co seu grupo de referencia e a súa participación e colaboración nas diferentes actividades organizadas tanto no Centro como extraescolares .

7.5. Plan de acollida de alumnado estranxeiro

A Orde do 20 de febreiro de 2004 establece as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. Nela decrétase a necesidade de que os proxectos educativos de centro e os documentos de desenvolvemento curricular “inclúan criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó seu alumnado procedente do estranxeiro” (art. 5º) así como que os “plans de orientación e de acción tutorial recollerán actuacións especificamente deseñadas para o seu alumnado procedente do estranxeiro. Estas deberán incluír plans de acollida para ese alumnado así como de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do profesor titor” (art. 6º).

Por elo, elaborouse un **Plan de Acollida e Atención ao Alumnado Estranxeiro** contextualizado ao noso centro e do que aquí se recollen as liñas esenciais:

Alumnado obxecto de medidas de atención específica

Considerarase alumnado obxecto de medidas de atención específica aquel que proceda do estranxeiro e que, tras a correspondente avaliación inicial, reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.

- b) Desfase curricular de dous cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais o culturais.

Principios básicos

O obxectivo é favorecer a integración deste alumnado e acadar o antes posible a súa participación e implicación nas actividades do centro e atender convenientemente, se é o caso, as súas necesidades específicas de atención educativa.

Para acadar esta atención individualizada, unha integración o máis efectiva posible e que consiga as competencias básicas establecidas, é necesario por tanto:

- **Flexibilidade organizativa** na adscrición do alumno/a ao nivel ou grupo. Procurarase determinar canto antes a aplicación daquelas medidas de carácter organizativo máis axeitadas (incorporación a agrupamentos, exención de francés 2ª lingua no primeiro ciclo da ESO, programas de adquisición de linguas, atención específica de apoio, etc.)
- **Coordinación** entre o profesorado de apoio, tutores/as e o profesorado especialista para aplicar estratexias didácticas e metodolóxicas cando exista un desfase de competencia curricular e para favorecer a inmersión lingüística, sobre todo no caso de descoñecemento total dos idiomas castelán e/ou galego.
- Unha **acción tutorial** sistemática que prime a atención persoal ao alumno/a e que coordine, en colaboración co departamento de orientación, os aspectos organizativos, apoios, adaptacións, etc.

O proceso para determinar medidas de actuación conforme ás necesidades educativas do alumnado estranxeiro de incorporación tardía ao noso sistema educativo comprenderá as **seguintes fases:**

Fases para a escolarización:

1.- Unha vez que a familia solicite praza no centro, o equipo directivo solicitaralle a **documentación regulamentaria** e ademais a documentación académica que posúa (boletíns informativos, certificacións ...) e informaralle da organización do sistema educativo español (etapas, áreas, avaliación e promoción,...)

2.- O paso seguinte será **entrevistarse coa familia**, co obxecto de obter toda a información que poida resultar interesante para a adecuada escolarización do/a neno/a, de acordo co protocolo establecido a tal fin: datos físicos e de saúde, datos familiares, escolarización anterior, dificultades, materias estudadas, rendemento anterior, expectativas familiares, características da personalidade do/a alumno/a, tempo de permanencia neste país ... A entrevista será realizada polo/a orientador/a. Sería necesario determinar se hai unha situación de provisionalidade xa que esta pode orixinar inestabilidade e irregularidade nas obrigas repercutindo negativamente na súa escolarización. Toda esta información recollerase nun **informe inicial**.

3.- Neste momento haberá unha reunión do/a xefe/a de estudos co/a orientador/a para **analizar toda a información recibida**. Se parece suficiente para decidir o nivel de incorporación do/a alumno/a, farase esta efectiva no grupo que corresponda segundo os criterios de agrupamento do instituto. Esta decisión quedará recollida na **Proposta de Escolarización**.

4.- Se as informacións aportadas ata o momento non son suficientes para decidir o nivel de incorporación do/a alumno/a, o/a orientador/a realizará unha **avaliación inicial** das capacidades, nivel de coñecemento da lingua e competencia curricular do/a alumno/a nas áreas instrumentais básicas, e as características do grupo que favoreza a mellor adaptación. Todo isto determinará o nivel de incorporación. A tal fin establécense unhas probas orientativas para cada nivel/ciclo que poderán ser completadas con observacións e probas afíns.

Tendo en conta a idade do/a alumno/a, o nivel acadado na nosa lingua, a valoración inicial das súas capacidades e do seu nivel de competencia curricular nas áreas instrumentais valoraranse as medidas de atención específica que se consideran máis axeitadas, tendo en conta o establecido na **orde do 20 de febreiro de 2004** da Consellería de Educación pola que se establecen medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

A adopción de medidas específicas de atención educativa contemplaría as seguintes posibilidades :

- Reforzos educativos
- Programas de competencia curricular.
- Programas de adquisición de linguas
- Exención da 2ª lingua estranxeira, no primeiro ciclo de ESO
- Incorporación a un agrupamento flexible (se os houbera)
- Adaptacións curriculares significativas.

Todas estas actuacións procurárase facelas no **menor tempo posible**, a fin de que o/a alumno/a normalice pronto a súa situación escolar.

Haberá tamén unha **posterior reunión cos pais** (orientadora e titor/a) na que se lle comunicará o grupo onde se escolarizará e daráselle información sobre o funcionamento do centro (dereitos e deberes dos pais e dos alumnos/as, horario, saídas previstas, profesorado, transporte, calendario escolar, actividades complementarias, colaboración da familia, horarios de titorías , boletín de informacións ás familias.., material necesario, ...) e o período de adaptación e/ ou as medidas de atención específica, se son o caso.

No caso de **dificultades de comunicación coa familia** por descoñecemento ou dominio escaso do galego ou castelán, podemos contar coa colaboración do profesorado especialista en inglés e francés do centro, se a familia do alumno/a ten como lingua materna ou unha competencia básica nun destes idiomas (Actualmente a consellería de educación ten publicado unha serie de materiais en varios idiomas que axudará neste sentido).

Respondendo a un dos obxectivos establecidos no plan de acción titorial, procurárase poñer especial énfase, desde a titoría, nas actuacións establecidas para lograr a inserción e a participación do alumno/a no Centro:

- **Adaptando as actividades de acollida no centro**, sobre todo no caso dos alumnos/as estranxeiros incorporados nos primeiros cursos: ter preparada unha información básica de normas e costumes do centro, nomear un alumno/a guía que lles ensine as instalacións que deberán estar convenientemente pictografiadas, ter planos para os/as maiores, horarios pictografiados (se hai problema de lingua)

- **Introducindo actividades de carácter cooperativo** que favorezan a integración e o coñecemento mutuo favorecendo a interculturalidade e de acordo coa súa idade. (Bibliografía sobre interculturalidade e Xogos cooperativos): xogos tipo de !o lobo!, a roda de nomes, a tea de araña, as tarxetas máxicas, o caracol,a cesta revolta...etc. Ver no mapa o país de orixe, facer as bandeiras, buscar en Internet información do mesmo (aspectos xeográficos, culturais etc) os equipos deportivos, buscar algunha intervención familiar se é posible, preparar algún artigo para publicar no xornal ou na web do centro, celebrar xornadas de interculturalidade no centro.

- Potenciar desde a titoría en colaboración co departamento de orientación, sobre todo nun primeiro período, a **coordinación entre todo o profesorado** que imparte clase ao alumno/a e o profesorado que intervén nas medidas de atención educativa co alumno/a.

Avaliación inicial do alumado estranxeiro

A.- Recollida de datos persoais, médicos e familiares:

- Datos do pai e/ou nai: tempo que levan en España, nacionalidade, idade, profesión, permiso de residencia (situación legal), enderezo, teléfono de contacto..

- Datos persoais do alumno/a: data de nacemento, tempo que leva en España, número de irmáns, problemas de saúde, datos evolutivos destacables...
- Medio familiar e social:
 - Composición familiar, características culturais, relixiosas e expectativas educativas do alumno/a e dos pais.
 - Circunstancias socioeconómicas e de traballo que poden condicionar a escolaridade do alumnos: situación de provisionalidade, horarios de traballo, presenza dos pais durante o día na casa...

B.- Recollida de datos académicos

- Datos sobre a escolarización anterior no seu país de orixe.
- Verificar se houbo escolarización previa.
- Idade de inicio da súa escolarización.
- Evolución da súa escolarización (se a iniciou e seguiu con normalidade)
- Curso no que estivo escolarizado ata este momento (documentación)
- Escolarización previa noutro centro de Galicia ou España (solicitar documentación ao centro de procedencia): curso no que estivo escolarizado/a, medidas de atención á diversidade adoptadas...
- Nivel de competencia curricular que presenta o alumno/a
- Grao de coñecementos lingüísticos (expresión e comprensión oral e escrita - lectura e escritura) e nivel de competencia como usuario básico, independente ou competente:
 - a.- Na súa lingua materna.
 - b.- Noutros idiomas que poidan ser vehiculares (inglés, francés)
 - c.- En galego e castelán
- Nivel de competencia en cálculo e matemáticas. Algoritmos matemáticos e resolución de problemas
- Nivel de competencia nas materias relacionadas cos coñecementos naturais e sociais./Bioloxía e xeoloxía, Xeografía e Historia.
- Valoración e detección doutras necesidades educativas específicas.

C.- Programa de intervención, axuda e apoio específico

Este Programa será redactado en función da información obtida a través do proceso de avaliación inicial que acabamos de explicitar. A súa redacción é responsabilidade tanto do Departamento de Orientación como da dirección do centro. En calquera caso, será revisable periodicamente en función da evolución do alumnado que se atope nesta situación.

Se se dese a circunstancia de que sexa un número de alumnos/as o suficientemente grande o que se atope nesta situación, recorrerase á implantación dun grupo de adquisición de linguas que a seguir describimos.

Grupos de adquisición das linguas

Definición

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través de unha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares, de xeito que se posibilite a plena incorporación dos alumnos ás actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que estea escolarizado. Esta medida estará dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ambas linguas oficiáis de Galicia.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo de un trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno se incorporará plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sin necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.

Horarios

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 24 períodos lectivos. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno progrese no dominio das linguas vehiculares da aprendizaxe.

Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno, éste permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música e educación plástica, así como no período de tutoría.

Profesorado

O profesorado encargado dos grupos de adquisición das línguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico.

O titor deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza ao grupo ordinario e será o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado, no seu caso, polo departamento de orientación.

A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das línguas.

Durante o período de permanencia no grupo de adquisición das línguas, os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida no centro.

8. Fomento do galego

8.1. Obxectivos xerais

Son varios os ámbitos de intervención nos que pretendemos actuar para conseguir uns obxectivos realistas, tendo en conta as diferentes realidades que determinan a idiosincrasia do IES de Valga: o ámbito administrativo, o ámbito de xestión académica, o ámbito de relación co entorno e o ámbito de interacción didáctica.

A finalidade última do noso traballo a prol do fomento do galego concorda co obxectivo xeral establecido na LNL, no que afecta ó fomento do plurilingüismo: “acadar por parte do alumnado das diferentes etapas, unha boa competencia nas dúas linguas, galego e castelán. Este é o resultado que se espera nun programa de bilingüismo activo que lle permita ó alumnado empregar con fluidez e competencia calquera das dúas linguas na vida social”.

Para acoutar de xeito operativo o noso traballo, e seguindo a recomendación do Gabinete de Normalización Lingüística, enumeramos os tres grandes obxectivos que inspiran o noso traballo:

– potenciar o uso oral e escrito da lingua galega.

O IES de Valga conta cunha situación privilexiada, pois unha alta porcentaxe de alumnos e alumnas, que son en realidade os auténticos receptores da actividade normalizadora, teñen como lingua primeira e habitual o galego. O mesmo se pode dicir de boa parte dos profesores e do persoal de servizos, que maioritariamente utilizan como lingua vehicular o galego. Polo tanto consideramos que o principal reto que se nos presenta desde o centro consiste en evitarmos que o noso alumnado abandone a lingua que eles mesmos consideran como propia.

– fomentar as actitudes positivas cara á lingua.

A través das accións normalizadoras procurárase unha progresiva extensión do uso do galego a novas materias e ámbitos curriculares. O EDL apoiará as actividades que teñan como un dos seus obxectivos a utilización da lingua galega en relación coas novas tecnoloxías, e en especial o seu uso na Internet. Trátase de vincular a lingua galega coa idea de *progreso e modernidade* e prestixiar o seu emprego tanto no ámbito docente como no contorno social da comunidade educativa.

– mellorar a calidade do idioma usado no centro.

A variedade diastática predominante no centro é a que se coñece como “galego popular”. A base lingüística, xa que logo, é excelente, pero cómpre deseñar estratexias que incidan na mellora da calidade do idioma, especialmente as enfocadas a purgar da lingua todas aquelas interferencias (especialmente léxicas) que contribúen a empobrecela, e mais que incidan na divulgación do rexistro culto da lingua.

8.2. Liñas xerais de actuación

As principais liñas de actuación que o IES de Valga pretende levar a cabo, expoñémolas en relación cos tres macroobxectivos enunciados máis arriba:

1. Potenciar o uso oral e escrito da lingua galega.

1.1. Evitar que o noso alumnado abandone a lingua que eles mesmos consideran como propia, tal e como se confirma nos resultados da enquisa sociolingüística xa presentada, e fomentar o recoñecemento entre o alumnado da súa propia variedade dialectal como unha forma

completamente válida do galego para evitar que abandonen o seu uso fóra do entorno inmediato.

1.2. Animar ao profesorado a utilizar o galego na relación entre eles, co persoal non docente, cos alumnos e coas familias destes, e concienciar á comunidade educativa de que o coñecemento e emprego da lingua galega é fundamental para sérmonos plenamente plurilingües na Europa dos pobos.

1.3. Incentivar a figura do voluntariado comprometido co proceso de normalización e dignificación do galego. Preténdese que o alumnado que forma parte do EDL sirva de ponte co resto dos alumnos para que estes non sexan só un receptor das medidas dinamizadoras, senón parte activa na súa consecución. Colaborará en boa parte das actividades proxectadas (montaxe e publicidade de exposicións, canle de comunicación coas familias e as asociacións culturais e deportivas da comarca, formando parte de clubs de lectura creados pola biblioteca do centro, etc.)

1.4. Consolidar o emprego do galego en toda a documentación administrativa e pedagóxica do centro así como na elaboración de todo tipo de carteis, letreiros e avisos.

1.5. Empregar sempre o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social.

1.6. Atender adecuadamente, con medidas de reforzo coordinadas co departamento de Lingua Galega, as necesidades educativas dos alumnos inmigrantes ou daqueles alumnos que non teñan un dominio adecuado da lingua galega respecto do curso académico no que se atopan.

1.7. Programar actividades dinamizadoras nas que toda a comunidade educativa participe, facendo uso da lingua galega nos seus rexistros formais e cultos, coa finalidade de crear novos contextos de prestixio para o seu emprego.

1.8. Organizar actividades normalizadoras nas que participen personalidades destacadas de diferentes ámbitos da sociedade e da cultura que sirvan como referentes dignificadores noso patrimonio e para dar a coñecer o enorme potencial cultural e artístico.

1.9. Divulgar e participar, na medida do posible, nas iniciativas de calquera entidade ou órgano (Concellos, Centros de Educación, Compañías de Teatro,...) a prol da lingua galega.

1.10. Divulgar todo o material que reciba o EDL referente á normalización da lingua galega, así como as novas que supoñan un avance cara á súa consecución.

1.11. Buscar a colaboración doutros centros da zona para a planificación de actividades conxuntas no ámbito da normalización lingüística.

1.12. Establecer pontes de unión con alumnos galegófonos (por exemplo, en intercambios con alumnado da comarca do Bierzo) co obxectivo de estreitar os vínculos culturais e lingüísticos comúns e servir como modelo idiomático para este tipo de estudantes de galego.

2. Fomentar as actitudes positivas cara á lingua.

2.1. Mellorar a calidade do idioma, xa que a variedade diastática predominante no centro é a que se coñece como “galego popular”. A base lingüística, xa que logo, é excelente, pero cómpre deseñar estratexias que incidan na mellora da calidade do idioma, especialmente as enfocadas a purgar da lingua todas aquelas interferencias (especialmente léxicas) que contribúen a empobrecela, e mais que incidan na divulgación do rexistro culto da lingua.

2.2. Mantemento dunha colección literaria, en colaboración coa biblioteca do centro e outros departamentos, que edite textos dos alumnos participantes en diferentes actividades emprendidas ao longo do curso. A nosa intención é crear un espazo aberto a todo tipo de manifestación escrita, no que poidan darse a coñecer as achegas escritas dos alumnos en calquera das materias que cursan ou das actividades complementarias nas que participan.

2.3. Utilizar a lingua galega en relación coas novas tecnoloxías, e en especial o seu uso na Internet, así como coas materias de carácter científico, afastadas historicamente do emprego normalizado e universal do noso idioma. Trátase de vincular a lingua galega coa idea de *progreso e modernidade* e prestixiar o seu emprego tanto no ámbito docente como no contorno social da comunidade educativa.

2.4. Creación dun apartado dentro da páxina web do centro dedicado ás actividades organizadas polo EDL, tentando que na súa confección participen diferentes membros da comunidade escolar.

2.5. Programación de ciclos de conferencias, obradoiros, concertos, visitas a institucións, museos ou entidades que lles permita coñecer aos alumnos a presenza da lingua na Galicia de hoxe, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas. Neste traballo, amais do labor do EDL, será imprescindible a implicación do maior número de departamentos e vontades académicas.

2.6. Consolidar unha xornada de convivencia deportiva e lúdica chamada *Carreira pola Lingua*, na que faremos por implicar a todos os membros da comunidade educativa. Trátase dunha carreira pedestre na que tentaremos que participen outros centros educativos da contorna, o Concello de Valga, os pais e por suposto todo o alumnado e mais o profesorado que o desexe. O xeito de participar pode ser moi dispar: correndo, colaborando na organización da proba, elaborando carteis e camisetas, entregando premios, participando das diferentes actividades de animación que se celebrarán ese día, etc.

2.7. Evitar tópicos respecto da defensa do galego, despolitizando as achegas que cada membro da comunidade educativa poida facer, e tentando transmitir que a lingua é un patrimonio común que debemos custodiar todos os que nos sentimos galegos e non un pretexto para enfrontarse por razóns ideolóxicas e partidistas.

2.8. Conseguir que a defensa da lingua galega non estea unicamente centrada na cuestión identitaria, senón que consigamos integrar o seu uso na expresión da nosa realidade cotiá.

3. Mellorar a calidade do idioma usado no centro.

3.1. Invitar á participación de todos os departamentos na coordinación de actividades e no seu desenvolvemento, encamiñada a fomentar a calidade da lingua e a súa normalización.

3.2. Dar a coñecer aos distintos departamentos os recursos educativos existentes na Internet que utilizan a lingua galega. Solicitarase de cada Departamento do centro información sobre as súas demandas tocante á normalización lingüística e difundiranse os recursos terminolóxicos necesarios para o desenvolvemento pleno das clases en galego en calquera área educativa, e, de ser o caso, doutro material didáctico en galego susceptible de ser utilizado polos docentes. Informará, polo tanto, ao profesorado dos recursos didácticos e bibliográficos dos que dispón o centro en cada materia, e procurará incrementalos nos eidos nos que detecte maiores carencias.

3.3. Manter un servizo de asesoramento lingüístico para a redacción en lingua galega de todos os documentos oficiais do centro (dirección, secretaría, gabinete de orientación e profesorado), e para a galeguización de calquera actividade promovida no centro (por exemplo, actividades extraescolares).

3.4. Recoller calquera información ou novidade relacionadas coa Normalización da nosa lingua e expoñelas no taboleiro de Normalización Lingüística, tentando implicar ao alumnado na súa escolla e interpretación.

3.5. Fomentar a participación da comunidade educativa nos clubs de lectura que organizará a biblioteca do centro respecto daquelas obras escritas en galego.

3.6. Convidar a participar nas actividades de formación continuada e de reciclaxe organizadas pola Administración.

9. Fomento do plurilingüismo e do respecto pola diversidade lingüística

9.1. Viaxes de estudo

Igualmente, e con motivo de fomentar o plurilingüismo e o respecto e coñecemento doutras realidades culturais, todos os anos se fan viaxes de estudo, ben ao estranxeiro (Londres, París, Lisboa...) ben a outras partes da Península Ibérica.

O obxectivo fundamental que se persegue con esta medida é que o alumnado de linguas correspondente poida tomar contacto directo tanto coa cultura e modo de vida deses lugares como coa lingua en contextos de uso cotiáns e con persoas nativas.

9.2.-Lectorados

No caso de existiren lectores de linguas estranxeiras ao longo do curso no centro estes rexeranse polas seguintes pautas xerais:

- Promover a lingua e cultura do seu país de orixe entre a comunidade educativa do centro a través de actividades tanto escolares como extraescolares
- Pontenciar o plurilingüismo, fundamentalmente no que atinxe ao respecto e aprezo pola diversidade lingüística
- Traballar, en colaboración co profesorado do centro, as destrezas básicas da súa lingua de orixe co alumnado do centro, prestando especial atención á competencia oral

Os lectores poderán integrarse, se así o desexaren

9.3.-Programas europeos

1- No IES de Valga impartense tres idiomas estranxeiros: inglés, francés e portugués.

Tradicionalmente veuse impartindo en todos os cursos inglés, así como o francés como 2ª lingua estranxeira no caso de consolidar grupo

Desde o curso 2015-2016 a oferta de portugués como 2ª Lingua Extranxeira estendeuse o primeiro ciclo de ESO e completárase no curso 2016-2017 que será ofertado en 2º da ESO.

2- Participación en programas internacionais

2.1 No ámbito da Formación Profesional de Grado Medio e Superior.

Temos a Carta Erasmus (ECHE) Erasmus Carter for Higher Education para o período (2014-2020) coa finalidade de unha vez aprobada procurar outros centros europeos que nos axuden a buscar empresas en prácticas para o sector do metal, concretamente para os alumnos que así o desexen o Ciclos Medio de Soldadura e Caldereiría para facer as prácticas no estranxeiro.

O centro participa no Programa Erasmus+ nos seguintes programas:

a) Proxecto mobilidades presentado polo centro dentro programa Erasmus+ de alumnado de Ciclo de Grao Medio solicitado polo propio centro para executar no período 2015-2017.

b) Proxecto propio presentado polo centro de mobilidades para alumnado de Ciclo de Grao Superior. 2015-2016,

c) Participación no Consorcio coordinado pola Consellería de Educación PRAXEUROPA para mobilidades de alumnado de Ciclo Superior no ámbito da Unión Europea.

d) Participación no Consorcio INTERPRAX para mobilidades de alumnado de Ciclo Superior en países asociados da Unión Europea (Bosnia, Croacia, India, Tailandia...).

Este alumnado require de apoio e reforzo na súa formación lingüística por parte do centro, esta formación realízase fundamentalmente en inglés.

2.2 Mobilidades de profesorado no estranxeiro

O centro participa no Proxecto IMPORTA de mobilidades de profesorado a Portugal.

2.3 Participación na plataforma E-twinning

No curso 2015-2016 profesorado do centro está dado de alto na Plataforma E-twinning participando nalgún proxecto como Euro Acro, no que o inglés é a lingua de relación.

2.4 Participación en proxectos internacionais.

Proxecto MITIGATE coordinado pola Universidade do Algarve o proxecto consiste en que o alumnado ten como tarefa rexistrar o patrimonio inmaterial do seu entorno, recuperando e poñendo en valor as memórias dos seus habitantes, promovendo dinámicas interxeneracionais construtivas que se compartiría con alumnado doutras institucións mediante a utilización de dispositivos TIC. O idioma de relación é o inglés.

2.5 Intercambios e relacións.

Neste momento temos relación cun centro de Estonia o Valga Gymnasium que é dunha vila que ten o mesmo nome que o noso concello. Xa se realizou algún intercambio de material didáctico pero pretendese que para o curso 2016-2017 poidase constituir algún tipo de consorcio ou asociación estratéxica. O idioma de relación é o inglés.

10. Tratamento integrado de linguas

10.1. Definición

Podemos definir o TIL como unha programación consensuada das linguas do currículo na que se parte de presupostos comúns e metodoloxías similares que faciliten o trasvase do aprendido nunha lingua a outra.

10.2. Resultados da enquisa

Na enquisa que contestou o profesorado do centro, facíase alusión á coordinación dos distintos departamentos de linguas, así como á necesidade de nun futuro inmediato proceder á tarefa de acometer un Tratamento integrado de linguas no noso centro educativo. Os resultados foron os seguintes:

14_9 Sería útil que todos os departamentos de linguas consensúen unha programación única							
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	TOT DESAC	BAS DESAC	INDIF	BAS ACOR	COMP ACOR
NC	1	1					
SI	16		2	2		5	7
NON	31	1			11	12	7
TOTAL	48	2	2	2	11	17	14
%	100	4	4	4	23	35	29


Como se pode observar, un 31% do profesorado enquisado está *Bastante ou completamente de acordo* con esta afirmación, destacando o dato de que a inmensa maioría do profesorado pertencente a un departamento de linguas estaría dentro desta porcentaxe.

Atopamos, pois, un alto grao de acordo con respecto a esta cuestión que nos permite asegurar que o clima do centro é favorable para acometer un traballo desta envergadura. Por esta razón, e dado que unha proposta de TIL soborda os límites do que é un documento desta natureza, si nos gustaría porén deixar apuntadas algunhas das liñas mestras que ao noso xuízo poderían ser de axuda nun futuro inmediato e que expoñemos a continuación.

10.3. Acordos TIL

Durante o curso 2012/2013 un grupo de cinco profesores dos departamentos de Lingua e literatura española e Lingua e literatura galega reuníronse nun recreo dos martes (10:25-10:45), tal e como consta nos seus horarios aprobados pola inspección, a fin de poñer en marcha a coordinación da programación de ámbolos dous departamentos e intentar así camiñar na senda do *Tratamento integrado de linguas*.

10.3.1. Acordo terminolóxico básico



10.3.2. Proposta de Proxectos TIL

Ao abeiro do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que fixa dentro do currículo da ESO o seguinte estándar para tódolos cursos (*tómase como referencia para a cita o currículo de Lingua galega e literatura de 2º ESO*)

B3.12.1- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe

incluímos dentro do PLC unha proposta destes proxectos interlingüísticos, sobre os que xa existe unha experiencia demostrable nalgún caso:

PROXECTOS INTERLINGÜÍSTICOS	
1º ESO	Proxecto Outono gastronómico
2º ESO	Proxecto A paisaxe substentable
3º ESO	Proxecto O telexornal multilingüe
4º ESO	Un anuncio en varias linguas

Propostas de traballo futuro

Observados os datos que acabamos de analizar apuntamos como posibles vías de traballo nun futuro inmediato as seguintes:

-Consensuar unha metodoloxía de aula común que estea baseada nun enfoque comunicativo e nun enfoque textual, delimitando perfectamente o papel que debe desempeñar o ensino da gramática dunha lingua.

-Consensuar uns instrumentos e criterios de avaliación similares en ámbolos dous idiomas, instrumentos e criterios que poderán ser compartidos polos departamentos de linguas estranxeiras adaptados ao nivel de lingua esixible para estes cursos da ESO.

-Consensuar un Proxecto TIC común onde se fixen as liñas básicas de implementación do Proxecto Abalar: cómo e cándo usar os medios, repositorio de contidos, recursos web que se poden utilizar. Neste proxecto TIC conxunto, deberíase reservar un papel importante á alfabetización informacional do alumnado, entendida esta da seguinte maneira:

“é saber cando e por que precisas información, onde atopala e como avaliala, utilízala e comunícala de maneira crítica. Amplía, xa que logo o concepto de alfabetización, por canto que inclúe novas fontes de acceso á información, así coma o dominio das competencias de decodificación e comprensión de sistemas e formas simbólicas multimediadas de representación do coñecemento” (Chartered Institute of Library and Information Professionals, 2004).

-Propónse afondar igualmente unha coordinación entre os departamentos de linguas e os outros departamentos no deseño da avaliación da competencia lingüística. Na enquisa de profesorado facíanse un par de preguntas sobre o feito de que a competencia lingüística é un traballo que todos os departamentos deberían incluír e avaliar entre os seus contidos:

14_6 O control sobre competencia alumnado é un traballo non só dos depart ling						
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	BAS DESAC	INDIF	BAS ACOR	COMP ACOR
NC	1	1				
SI	16		1	1	2	12
NON	31	1		3	12	15
TOTAL	48	2	1	4	14	27
%	100	4	2	8	29	56

14_7 Todos/as deberíamos ter en conta na puntuación das nosas materias a calidade lingüística do alumnado							
DEP.LING.	TOTAL ENQ	NC	TOT DESAC	BAS DESAC	INDIF	BAS ACOR	COMP ACOR
NC	1	1					
SI	16				1	3	12
NON	31	1	1	2	7	12	8
TOTAL	48	2	1	2	8	15	20
%	100	4	2	4	17	31	42

Neste sentido, apuntamos o seguinte camiño ou senda a seguir:

Propoñeremos a todos os Departamentos a súa participación na procura da competencia lingüística, que consideramos de carácter marcadamente transversal. No 1º Claustro ou CCP do curso, preguntaráse qué Departamento está disposto a fixar na súa programación unha serie de actividades mínima en cada curso, así como a súa correspondencia nos criterios de cualificación.

Cada trimestre comprometeráse a realizar e avaliar un traballo de cada tipo:

- . Esquematizar un texto
- . Resumir ou parafrasear (empregando palabras diferentes ás do modelo)
- . Poñer título a un fragmento (leído ou oído)

Cada ano, como mínimo, un traballo de

- . Búsqueda de información e selección dos contidos, por diversos medios

-Con respecto á ortografía e corrección lingüística en xeral, tamén especificará cada Departamento a súa valoración e o reflexo na cualificación de cada alumno.

-O Departamento de Orientación pode coordinar cos Departamentos de Linguas actividades de Técnicas de estudo relacionadas con esta Competencia, para poñelas en práctica nas horas de Tutoría da ESO

ANEXOS (ver CD)

A relación de anexos que se inclúen no CD son os seguintes:

1. Avaliación do funcionamento das seccións bilingües
2. Enquisa para o profesorado do centro
3. Enquisa para o alumnado do centro
4. Enquisa para o persoal non docente do centro